

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Infraestructuras e Mobilidade

Revisión de tarifas urbanas de autotaxi da cidade da Coruña para o ano 2024

Asunto: Revisión de tarifas urbanas de autotaxi da cidade da Coruña para o ano 2024

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 13.11.2023, acordou informar favorablemente a a solicitude de revisión de tarifas de transporte urbano en auto-taxi da cidade da Coruña presentada pola Asociación Local de Auto-taxis de A Coruña, á que se sumou a Asociación Herculina del Taxi de A Coruña.

Remitada esta proposta á Comisión de Prezos de Galicia, en data 02.02.2024, recíbese neste Concello a resolución do director xeral de Comercio e Consumo, do 01.02.2024 no que indica que vista a solicitude e o informe favorable adoptado pola Comisión de Prezos de Galicia do 01.02.2024, resolve autorizar a aplicación das seguintes tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para o Concello da Coruña, solicitadas polo Concello:

CONCEPTOS	TARIFAS
TARIFA 1	
Aplicable en días laborais de 06:00 a 22:00	
Baixada de bandeira ou contía mínima (A baixada de bandeira inclúe 2.200 metros ou tempo equivalente)	4,20
Qm. percorrido	1,05
Hora de espera	22,00
TARIFA 2	
Aplicable en días laborais de 22:00 a 06:00, venres desde as 22:00, sábados, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro	
Baixada de bandeira o contía mínima (A baixada de bandeira inclúe 1.900 metros ou tempo equivalente)	4,70
Qm. percorrido	1,25
Hora de espera	26,00
SUPLEMENTOS (aplicables a ambas tarifas)	
Por uso de maleteiro (excepto cadeiras para P.M.R. ou infantís)	0,85
Traslado cans/gatos (excepto lazarillos autorizados)	0,85
Días noiteboa, noitevella e San Xoán Aplicables o día 23 de xuño, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 24; o día 24 de decembro, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 25; o día 31 de decembro, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 1 de xaneiro	2,35

Estes prezos serán aplicables a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 2 de febreiro de 2024.

O director da Área de Infraestructuras, Mobilidade e Innovación Tecnolóxica

Fernando Santiago Martínez López

2024/827